

DEPENDENCIAS DO IES MELIDE

GRUPO	Núm.	NOME
	101	Camión de Ovedo
	102	Alhóndiga
Obradoiro-1 de Madeira	103	Nilo Cea
Obradoiro-2 de Madeira	104	Castro Canseco
Aula de Madeira	105	A Carballeira
Aula de Informática	106	As Fervenzas
	107	Fernán e Aldara
	108	A Capela
	109	O Bocelo
	110	Pena Moura
	111	Álvarez Carballido
	112	Taboada Roca
	113	Terra de Abeancos
	114	O Castelo
	115	Niso Rodríguez
Aula de Educación Plástica	116	Manuel Caxide
Aula-2 de Tecnoloxía	117	Forno dos Mouros
Ximnasio	118	Aires de Melide
Pavillón Polivalente	119	Xenaro Sueiro
	201	O Cruceiro
Laboratorio de Física	202	Aller Ulloa
Laboratorio de Química	203	Antonio Casares
	204	Cova da Serpe
	205	Rei García
	206	Inés de Castro
	207	Sancho de Ulloa
	208	Os Irmandiños
Aula-1 de Música	209	Os Garceiras
Aula-2 de Música	210	Andrés Sampaio
	211	Varela Fondevila
Aula-1 de Tecnoloxía	212	As Telleiras
Laboratorio de Ciencias Naturais	301	Parga Pondal
Aula de desdobres	302	María Balteira
	303	Val de Furelos
	304	Curuxás
	305	Abdalá ben Melik
	306	Castro da Graña
	307	Careón
Aula de Apoio	308	Segade Bugueiro
Aula de Medios Audiovisuais	309	Carlos Velo
	310	Moa
Aula de Debuxo	311	Afonso Castelao

- ***Abeancos.** Terra de Abeancos. Antigo nome dunha ampla comarca arredor de Melide. Xurisdición eclesiástica. Aínda leva este nome o Alcipreste de Abeancos. Figura xa no S. VIII, no testamento do Bispo de Lugo Odoario.
- ***Aires de Melide.** Coro moi popular polos anos 50. Melide débelle moitas veladas e cantigas. O coro foi artífice da normalización lingüística daquel tempo, con toda a súa obra en galego.
- ***Alhóndiga.** Antigo mercado de froito de Melide, situado detrás da Obra Pía de San Antón, onde fora a eira (ou Curro) do Pazo.
- ***Aller Ulloa.** Ramón María Aller Ulloa. Natural de Filgueiroa (Lalín). O meirande astrónomo que ten dado Galicia. Construíu o primeiro observatorio astronómico galego en Lalín, no ano 1912.
- ***Álvarez Carballido.** Duarte Álvarez Carballido. O primeiro historiador da comarca. Finou no 1913. Publicou moitos traballos e realizou varios descubrimentos. É o punto de partida doutros estudos.
- ***Balteira.** María Peres, A Balteira. A máis coñecida das soldadeiras medievais por ter sido nomeada (e maltratada ata extremos insospeitados) en innumerables cantigas de escarnio e maldicir. As soldadeiras exercían en teoría o oficio de bailarinas, pero na práctica realizaban tamén outras funcións pouco confesables (*soldadeira*: a que acompaña ós soldados nas campañas).
- ***Bocelo.** O Bocelo. O Bocelo. Serra que limita a Terra de Melide coas terras de Sobrado dos Monxes. O cumio da serra o Coto do Pilar, con 801 m.
- ***Capela, A.** Nome popular co que se coñece o famoso mosteiro beneditino de San Antón de Toques. S. XI. Prerrománico da comarca. Contorno paisaxístico.
- ***Carballeira.** A Carballeira. Paraxe do contorno coñecida pola idade dos seus carballos.
- ***Careón.** Serra que limita a Terra de Melide coa comarca da Ulloa. A serra ten unha altitude media duns 700 m.
- ***Casares.** Antonio Casares e Rodrigo. Natural de Monforte de Lemos. Un dos meirandes químicos galegos.

- ***Castelao.** Afonso Daniel Rodríguez Castelao. Narrador, dramaturgo, investigador, político... e caricaturista nacido en Rianxo.
- ***Castelo.** O Castelo. Lembranza do castelo de Melide, que pertencía á mitra de Compostela. Destruido durante as revoltas irmandiñas no s. XV, estaba situado no outeiro chamado O Castelo, onde se ergue hoxe a Capela do Carme.
- ***Castro Canseco.** Francisco de Castro Canseco. Escultor, autor do retablo barroco da igrexa parroquial. Do ano 1690, trátase dunha obra capital da arte galega. Viviu en Melide nove anos, onde lle naceron dous fillos. Tivo obradoiro de escultura, traballando para Melide e Sobrado. De Melide marchou para Ourense, onde finou, despois de deixar unha extensa obra. Pénsase que seu pai era de Melide.
- ***Castro.** Inés de Castro. Casad con Lope de Ulloa, é a nai de Sancho de Ulloa, conde de Monterrei. Ten cenotafio funerario no Convento do Sancti Spiritus (igrexa parroquial). S. XV.
- ***Caxide, Manuel.** Escultor nacido en Furelos. Tivo o seu taller en Santiago, onde fixo retablos e imaxes que se atopan espalladas por todo o país.
- ***Cea.** Nilo Cea Rodríguez. Mestre de ensinanza primaria na parroquia de Furelos. Escritor, poeta e escultor. Nacido e morto en Melide.
- ***Cova da Serpe.** Serra da Cova da Serpe. Serra situada ó nordeste da Terra de Melide. Nela localízanse varias lendas relacionadas coas veciñas terras de Narla (Friol).
- ***Curuxás. Ramón Rodríguez Varela,** O Curuxás. Nace no 1904 en Toques. Viviu en San Xiao do Camiño (Palas de Rei). Labrego, mineiro en Noia e Asturias. Participou na resistencia ó golpe do 36 e na guerrilla antifranquista dos anos 40. Morreu na década dos 60, de morte natural.
- ***Fernán e Aldara.** Fernán López e Aldara González. Matrimonio do S. XIV. El, notario de Melide. Fixeron doazón dos terreos para a construción do convento franciscano-igrexa parroquial, que rexeu a vida cultural e económica da comarca, ata a exclaustración do 1835. Fernán ten sartego na igrexa parroquial.
- ***Fervenzas, As.** Fervenza ou cascada do río Furelos en Brañas (Toques). Contorno paisaxístico moi popular e único na comarca: muíño-castro-fervenza.
- ***Forno dos Mouros.** Dolmen situado no cumio da Serra do Bocelo. Posúe sete chantas e tampa, con corredor e con pinturas no interior. É o único dolmen que se conserva completo no conxunto arqueolóxico-funerario da Terra de Melide.
- ***Furelos.** Val de Furelos. Nome do río e da aldea. A súa rede fluvial rega a Terra de Melide, desembocando no Ulla nun punto limítrofe con Pontevedra. Na aldea de Furelos existe unha ponte medieval.
- ***Garceiras.** Os Garceiras. Grupo de gaiteiros da Terra de Melide, de sona recoñecida por todo Galicia. Paseou polo mundo o nome de Melide.
- ***García.** Rei García. O último rei galego, repetidamente traizoado polos seus irmáns Urraca, Sancho II e Alfonso VI. A historia-lenda conta que o rei Don García estivo prisioneiro nun castelo que se sitúa en Vilouriz (Zas de Rei). Foi tamén o doador dos terreos para edificar o primeiro mosteiro da Capela.
- ***Graña.** Castro da Graña. Castro no que se levaron a cabo varias escavacións, podendo ser visitada a construción das casas que hai na súa croa. Os achados están expostos no Museo da Terra de Melide.
- ***Irmandiños.** Algúns xefes irmandiños, entre os que se atopaban Lope Pérez de Muxía, Pero Bermúdez de Montaos, Bernal Eáns e Sueiro Pérez, reuníronse en 1467 en Melide e acordaron atacar ó arcebispo Alonso de Fonseca e a Sancho Sánchez de Ulloa. Melide é tida pola capital da revolta irmandiña. O castelo de Melide, do que existe constancia, foi destruído durante as revoltas.
- ***Melik.** Abdalá ben Melik. Caudillo árabe que, no 812, librou unha batalla, ben a carón do Furelos ou ben preto de Chantada. Algúns historiadores consideran o seu nome orixe do topónimo *Melide*.
- ***Moa.** A Moa. Popular nome dunha céntrica zona da vila. O seu nome fai lembranza da moa dun muíño de moer a casca de carballo para os píos dos curtidores, cando desde o S. XIV ó XIX funcionou en Melide a Confraría de Santa Catarina, de zapateiros e curtidores. Oficio de moito raizame, pois aínda neste século chegou a haber máis de 20 obradoiros onde traballaban uns cen obreiros. Foi o oficio máis importante da vila. Existe o libro da Confraría.
- ***Ovedo.** Camiño de Ovedo. Camiño primitivo que chagaba polo Norte. Xúntase en Melide co Camiño Francés.
- ***Parga Pondal.** Cidre Parga Pondal. Natural de Laxe. É considerado o meirande xeólogo galego.
- ***Pena Moura.** Conxunto de penas naturais que se atopa no cumio da Serra do Bocelo. Lugar de lendas a carón do conxunto de mámoas, onde se atopa o Forno dos Mouros, con dolmen completo.
- ***Rodríguez, Niso.** Debuxante melidao que ilustrou os escudos heráldicos do libro *Terra de Melide*.
- ***Sampaio.** Andrés Sampaio. Cura e profesor, director do Coro de Melide. Impartiu ensinanzas no IES Melide.
- ***Segade Bugueiro.** Mateo Segade Bugueiro. Nado en San Cosme. Foi bispo en México, Cartaxena e Murcia, e, finalmente, arcebispo. Fundou en 1671 a Obra Pía de San Antón de Melide, practicamente unha Universidade que contaba con cátedras de Filosofía e Gramática, un lector de Arte e dous de Teoloxía. Tiña a súa sé no convento de San Francisco.
- ***Sueiro, Xenaro.** Xenaro Sueiro é o nome do histórico conserxe do centro, a persoa con máis antigüidade no mesmo ata o momento da súa xubilación, no ano 2006.
- ***Taboada Roca.** Antonio Taboada Roca. Xenealoxista e historiador de Melide. A el débémolle, quizabes, que se estudase esta terra e se publicase o libro *Terra de Melide*.
- ***Telleiras.** As Telleiras. Lembranza dos obradoiros de tella que existiron ata os finais dos anos 60 en Leboreiro, Furelos e Piñor.
- ***Ulloa.** Sancho Sánchez de Ulloa, conde de Monterrei. Señor feudal da comarca, da Ulloa e doutros lugares. Personaxe da Guerra Irmandiña. Melide débelle a construción da capela maior do convento franciscano-igrexa parroquial. Capela de estilo gótico, con dous sartegos: o de súa nai Inés de Castro e o de Leonor de Mendoza, primeira muller de seu pai. Tamén foi padroeiro dos Hospitais de peregrinos de Melide e do Leboreiro. Personaxe de moita cultura e tido por home de ben.
- ***Varela Fondevila.** Xoán Varela Fondevila. Natural de Folladela, foi no s. XVIII bispo auxiliar de Santiago. Fundou en Folladela a segunda escola pública da comarca. A súa casa natal é o Pazo das Figueiras, con capela, pombal e heráldica.
- ***Velo.** Carlos Velo. Cineasta galego que foxe a México ó acabar a Guerra. Alí desenvolve unha gran campaña política galeguista, ata ser delegado do Consello de Galicia. É importante o seu ensaio *Imaxe de Galicia*. Como cineasta, realizou un magnífico documental titulado *Galicia* no ano 1935, que chegou a proxectarse na zona republicana e en Europa. Xa exiliado, dirixiu a película *Raíces*, galardoada co primeiro premio da crítica internacional de Cannes.